

BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRIPCIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DAS/OS ARTESÁS/ÁNS PARTICIPANTES NA 26ª MOSTRA ARTELEMONS 2026 (DO 3 AO 8 DE AGOSTO).

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen como obxecto regular as normas e condicións de participación das/os artesás/áns na 26ª edición da mostra “ARTELEMONS”, organizada polo Concello de Monforte de Lemos, área de Promoción económica.

SEGUNDA: LUGAR, DATA E CARACTERÍSTICAS

- 1.- A mostra de artesanía celebrarase nos días 3, 4, 5, 6, 7 e 8 de agosto de 2026.
- 2.- Localización: Rúa Cardenal de Monforte de Lemos.
- 3.- Contactos organización: Técnica Promoción Económica 982884775 / 698181551
correo electrónico: emprego_pe@concellodemonforte.com
- 4.- A difusión pública para a solicitude dos postos será a través da propia páxina web do concello www.monfortedelemons.es.
- 5.- A organización editará a publicidade necesaria para a súa difusión da feira e programará actividades complementarias para un maior reclamo de asistentes e participantes.
- 6.- O horario de apertura dos postos será de 10:00 a 14:00 e 18:00 a 22:00. Será obrigatorio manter o posto aberto nas datas e horario de apertura ao público indicadas.
- 7.- Non se permitirá a venda de produtos diferentes aos que consten na solicitude. Será responsabilidade do/da vendedor/a a calidade, composición, elaboración e prezo dos artigos de venda.
- 8.- A organización facilitará un posto de venda a cada artesán e asignará a cada artesán o posto dentro do recinto da Feira.
- 9.- Ningún posto poderá ser recolocado sen o consentimento previo da organización.
- 10.- A revenda de produtos non está permitida, sendo causa de expulsión da feira.
- 11.- A organización garante a vixilancia dos postos instalados na mostra durante os días de celebración da mostra.
- 12.- O Concello de Monforte ten dereito a fotografar, debuxar ou filmar as instalacións, así como os servizos e/ou artigos expostos e a utilizar estas reproducións nas súas publicacións, na páxina web do concello e na prensa.
- 13.- Non se permitirá máis música ambiental cá da organización.
- 14.- A organización resérvase o dereito a retirar da feira todo aquel produto que non se considere artesanal ou de elaboración propia.

15.- O incumprimento de calquera dos puntos destas bases por parte das/os artesás/áns implicará a súa expulsión inmediata da feira, perdendo o importe ingresado en concepto de taxas.

16.- Se por circunstancias de forza maior, o Concello de Monforte se vese obrigado, tanto antes como no transcurso da Mostra, a suspender a súa celebración, a suspensión será sen dereito por parte das/os expositoras/es admitidas/os a indemnización de ningún tipo.

TERCEIRA: PARTICIPANTES E CONDICIÓNNS DE PARTICIPACIÓN

17.- Poderán presentar solicitude participación na 26ª Mostra Artelemos, as/os artesás/áns profesionais legalmente constituídos que acrediten o desenvolvemento dunha actividade artesanal. Terán prioridade os obradoiros artesanais rexistrados na Comunidade Galega.

Todas/os os interesadas/os deberán presentar a documentación esixida na sección cuarta destas bases.

Enténdese por artesán calquera actividade recollida no Anexo IV do Decreto 218/2007, de 7 de setembro polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía.

Estarán dispoñibles para os efectos desta convocatoria e exclusivamente no período temporal determinado para a mostra, 30 *stands* entre 3-6 m. aproximadamente.

Poderán participar de forma individual ou conxunta, en cuxo caso se deberá indicar expresamente na solicitude achegando a documentación de cada participante.

No suposto de participación conxunta, o *stand* poderá ser compartido por un máximo de dúas/dous artesás/áns. Neste caso a decoración será uniforme e non se admitirán divisións interiores.

18.- Os gastos de traslado, carga e descarga da mercadoría serán a cargo dos vendedores, que tamén asumirán a responsabilidade sobre calquera dano que a mercadoría puidese sufrir.

19.- As/os vendedoras/es deberán cumprir coas normas autonómicas e estatais que lles sexan de aplicación a súa actividade.

20.- A descarga da mercadoría para repoñer deberá realizarse fóra do horario de apertura da Feira e interferindo o mínimo posible no desenvolvemento da mostra.

21.- O prezo de cada posto de venda será de 3,20 €/m². X 6 días.

CUARTA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

22.- As/os interesadas/os en participar deberán presentar o modelo normalizado de solicitude que se achega como Anexo I no Rexistro Xeral do Concello de Monforte, Campo San Antonio, S/N – 27400 Monforte. Ou a través da sede electrónica: <https://sede.monfortedelemos.es>.

Tamén poderá presentarse nas formas previstas na Lei 39/2015, de procedemento administrativo común. No obstante, no caso de presentarse fora do Concello, o/a solicitante deberá dirixir por correo electrónico a dirección: emprego_pe@concellodemonforte.com, a correspondente solicitude e documentación anexa no prazo establecido como período de solicitude.

Non se admitirán solicitudes presentadas fóra de prazo ou realizadas de forma diferente á designada.

23.- O prazo de presentación de solicitudes será dende o día 21/04/2026 e rematará o día 20/05/2026.

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

- Modelo de solicitude, debidamente cuberto (Documento anexo)
- Fotocopia do DNI do solicitante ou do NIF da empresa
- Fotocopia de estar dado de alta no Imposto de actividades económicas (ou compromiso asinado de presentalo antes da data de celebración da Mostra).
- Copia do último recibo de pago da cota de autónomos ou do réxime correspondente da seguridade social (ou compromiso asinado de presentalo antes da data de celebración da Mostra).
- Copia do recibo de pago da póliza de responsabilidade civil e da póliza que cubra os días de celebración da mostra. (ou compromiso asinado de presentalo antes da data de celebración da Mostra).
- Copia da Certificado de obradoiro artesanal, carta de artesán/-á ou documento equivalente actualizado.
- Memoria explicativa da técnica de traballo empregada e fotografías recentes dos produtos a vender.

QUINTA: SELECCIÓN E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DOS POSTOS.

24.- As solicitudes que cumpran cos requisitos establecidos nas bases serán avaliadas por unha Comisión de Selección, que será encargada de seleccionar aos artesáns que ocuparán os postos da Mostra.

A Comisión de selección estará composta polos seguintes membros:

Gloria M^a Prada Rodríguez – Concelleira do Concello de Monforte de Lemos.

María Trinidad López Pérez – Técnica de Promoción Económica do Concello de Monforte

Carlos Rodríguez Fernández - Técnico de cultura do Concello de Monforte de Lemos.

25.- Criterios de adxudicación dos postos de venda. A selección terá en conta os seguintes criterios:

- o O produto de venda e as súas características artesanais.
- o Evitar a excesiva reiteración dun mesmo produto nos diferentes postos, representando o maior número posible de disciplinas artesanais.
- o Traxectoria profesional
- o Calquera outro criterio que se considere relevante para o bo desenvolvemento da actividade.
- o A Comisión de selección dará prioridade ás solicitudes de vendedores de Monforte e a Comarca, así como a artesáns inscritos na sección segunda do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia (obradoiros artesáns). Para estes últimos resérvase mínimo o 80% dos postos de venda, sempre que se axusten aos criterios de adxudicación expostos anteriormente nestas bases.

A Comisión rexeitará as candidaturas que non se axusten aos obxectivos do evento ou que, por calquera motivo, sexan incompatibles con este.

A decisión da Comisión non será susceptible de recurso.

26.- De acordo cos criterios expostos, a dita Comisión de Selección propondrá a Xunta de Goberno Local a lista de adxudicatarias/os seleccionadas/os e lista de suplentes, que resolverá e aprobará a adxudicación.

Esta resolución farase pública para os efectos de notificación ás persoas interesadas, así como calquera outra notificación ou requirimento, a través do Taboleiro de Anuncios do Concello e/ou na páxina web www.concellodemonforte.com.

No caso de que algún-a artesán-a seleccionado-a non poida participar, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello o correspondente escrito de renuncia, no prazo de tres días naturais seguinte ó da publicación da resolución final.

En caso de renuncia cubrirase a vacante con algún dos artesáns suplentes que mellor se axeiten aos criterios de selección antes expostos.

Unha vez comunicada a confirmación, a/o interesada/o deberá ingresar a cota de participación no prazo de 10 días, requisito necesario para a validación da solicitude.

No caso de non efectuarse o ingreso e a notificación sinalados anteriormente no prazo indicado, entenderase como anulado do dereito de participación.

27.- As/os candidatas/os seleccionadas/os para participar na 26ª Mostra de artesanía Artelemos 2026 non poderán ceder a terceiros a súa posición baixo ningún concepto.

28.- Criterios de distribución dos postos. A distribución e localización de cada posto de venda será competencia exclusiva da organización, que terá en conta o espazo dispoñible e a diversidade de oficios.

